XEOMETRÍA DE 1º ESO CON GEOGEBRA

Documento Técnico De Instalación



Xeometría 1º ESO con GeoGebra | Licenzas de formación 2014/15 | Mª América Fernández Míguez

INTRODUCIÓN

Os libros dixitais creados poden executarse dende internet e tamén en modo local. Para executalos só se necesita ter instalado un navegador como Google Chrome, Mozilla Firefox ou Internet Explorer e o Java instalado e activado para o navegador.

Para que os applets GeoGebra se carguen correctamente débense aceptar advertencias de seguridade do navegador e facer dúas modificacións na configuración de Java no caso de que a versión de Java sexa Java 7 ou superior.

De seguido descríbese co máximo detalle cómo facer que o recurso funcione correctamente. Explícase cómo ir solucionando os problemas que poden xurdir tendo en conta que os ordenadores poden ter distintos sistemas operativos e distintas versións de Java.

CÓMO UTILIZAR O RECURSO PASO A PASO:

PRIMEIRO PASO: Acceder á páxina principal do recurso

- Para traballar en modo local, débense descargar as carpetas web a un ordenador ou a un pendrive.

Abrimos unha das carpetas, por exemplo a da unidade didáctica 1, ud1, e facemos dobre clic sobre o arquivo *index.html*.





Abrirase o navegador e poderemos navegar sobre o recurso coma se estivésemos traballando online. Podemos pasar dunha páxina a outra usando "*Siguiente*", "*Anterior*" ou utilizando o menú de navegación que aparece á esquerda a modo de índice.

- Para traballar en internet, accédese á páxina principal do libro na páxina na que estea almacenado e dende aí navégase coma se fose unha páxina web.

SEGUNDO PASO: Comprobar se se cargan os applets GeoGebra

Comprobamos se se cargan os applets simplemente accedendo a unha páxina na que haxa algún.

Os applets só funcionarán no caso de que a versión de Java instalada no ordenador sexa anterior a Java 7. Se os applets non funcionan e aparecen as seguintes mensaxes de erro, pecharemos o navegador e deberemos configurar Java para que non os bloquee.

As mensaxes que aparecerán ao intentar cargar os applets con Java 7 ou Java 8 son os seguintes:



O espazo que ocupa o applet quedará como:



Facendo clic para obter mais información aparecerá a ventá:



Se as mensaxes que aparecen son advertencias de risco do navegador, non de Java, pasaremos ao cuarto paso.

TERCER PASO: Modificacións na configuración de Java

Facemos **dúas modificacións** nas opcións de Java. Para elo, o primeiro é acceder ao panel de control de Java.

➢ ACCESO AO PANEL DE CONTROL DE JAVA.

Facendo clic no botón "*Inicio*", aparece un cadro de busca. Escribimos "Java" no cadro e aparecerán varios arquivos, en particular, "*Configurar Java*".





Facemos clic sobre el e accedemos ao panel de control de Java.



Xeometría 1º ESO con GeoGebra | Licenzas de formación 2014/15 | Mª América Fernández Míguez

➢ PRIMEIRA MODIFICACIÓN: Engadir excepción de seguridade na pestana Seguridade.

Seleccionaremos a pestana "***Seguridad***". Debemos engadir unha excepción de seguridade na lista de excepcións de sitios. Para elo, facemos clic en "***Editar lista de sitios…***"

Nesta pestana tamén é importante asegurarse de que a casilla "***Activar el contenido Java en el explorador*** "estea marcada.



Aparecerá a seguinte ventá:



Facemos clic en "***Agregar***"e pasamos a outra ventá onde escribiremos a dirección na que teñamos situada a carpeta co recurso.



E escribimos:

Para modo local:

file:///C:/

Nota: No caso de que teñamos a carpeta nun pendrive debemos substituír a letra C pola letra correspondente á unidade na que esteamos a traballar: K, G..

Se traballamos dende internet:

http://*"dirección da páxina web na que estea aloxado o recurso"*/



Facemos clic en "***Aceptar***" e aparecerá outra ventá con outra advertencia de seguridade na que debemos facer clic en "***Continuar***".



Finalmente aparecerá de novo a ventá da pestana "*Seguridad*" na que faremos clic en "***Aceptar***".



Con isto quedaría terminada a primeira modificación.

➢ SEGUNDA MODIFICACIÓN: Cambiar opción de revocación na pestana Avanzado.

Seleccionaremos a pestana "***Avanzado***". En "***Realizar comprobaciones de revocación de certificado de código firmado en***", debemos marcar a opción "**No comprobar (no recomendado)**".



Facemos clic sobre "***Aceptar***" e con isto terminamos a segunda modificación.

Con estas dúas modificacións conséguese que Java non bloquee os applets GeoGebra.

Xeometría 1º ESO con GeoGebra | Licenzas de formación 2014/15 | Mª América Fernández Míguez

CUARTO PASO: Permitir que o navegador execute os applets

Volvemos á páxina principal do recurso e comprobamos de novo se se cargan os applets. O habitual é que o navegador nos advirta de que hai certo risco, pero aceptando o risco cargaranos os applets sen problemas.

Estas advertencias de seguridade dos navegadores teñen distinto aspecto segundo o navegador e o sistema operativo que esteamos utilizando, pero en definitiva, sempre se resolven do mesma xeito, aceptando os riscos e marcando que non nos volvan a amosar a advertencia.

Con Ubuntu e Mozilla Firefox nos netbooks do proxecto Abalar



Marcamos a casilla "***Alwaes trust content from this publisher***" e facemos clic en "***Run***".



Con Windows 8 e Mozilla Firefox



Marcamos as casillas "*Acepto los riesgos y deseo ejecutar esta aplicación*", pinchamos sobre "*Mostrar opciones*" e marcamos "*No volver a mostrar esto otra vez para aplicaciones del publicador y ubicación anteriores*".



Pinchamos en "Ejecutar" e xa non volverá a pedir mais permisos.

Con Windows 8 e Google Chrome



A aspa de cor vermello que aparece na parte dereita da barra de direccións indícanos que hai applets bloqueados. Facendo clic enriba da aspa aparece a ventá:



Marcaremos "***Permitir siempre complemento en...***" e xa non nos volverá a advertir dos riscos.

Con Windows 7 e Google Chrome



Facemos clic en "*Ejecutar esta vez*".



Con Windows 7 e Internet Explorer



Facemos clic sobre "*Permitir contenido bloqueado*".



Con Windows 7 e Mozilla Firefox



Facemos clic en "*Activar Java*"



Facemos clic en "*Permitir y recordar*"

Imaxe de portada:

«Clipart - figura dinamica concentrica». Accedido 12 de febrero de 2015. https://openclipart.org/detail/147427/figura-dinamica-concentrica-be-dorde.